

# RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 133/2008, DO 10 DE XUÑO, DE INICIO DO EXPEDIENTE PARA CONTRATAR CATORCE SOCORRISTAS PARA AS PRAIAS DO CONCELLO E PARA APROBAR AS BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN

## ANTECEDENTES

O cadro de persoal e a relación de postos de traballo incorporados ao orzamento do Concello de Ponteceso para o exercicio de 2008 recollen a contratación temporal de socorristas para as praias do concello. No orzamento figuran consignados os custos para esta finalidade.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público

Son competente para resolver, de conformidade co que dispón o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril), e o artigo 41.14 do Real decreto 25686/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Por todo o anterior, RESOLVO:

1 Aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal de catorce socorristas para as praias do concello de Ponteceso durante dous meses dende a sinatura dos contratos, na modalidade de obra ou servizo determinado. As bases aparecen como anexo deste acordo.

2 Autorizar o gasto con cargo as partidas correspondentes do vixente orzamento municipal e proceder á correspondente retención de crédito, para afrontar os custos dese persoal.

### **Anexo**

#### **BASES PARA CONTRATAR SOCORRISTAS QUE PRESTARÁN SERVIZOS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO NO ANO 2008**

##### **1 Obxecto da convocatoria:**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de catorce socorristas.

##### **2 Tipo e duración do contrato:**

O contrato será de duración determinada, para realizar unha obra ou un servizo determinado. O contrato durará dous meses.

A xornada laboral será a tempo completo e o horario establecerao o/a coordinador/a do servizo de socorrismo, coa autorización do alcalde. Por razóns e polas características do servizo, a xornada comprenderá as fins de semana e os días festivos.

Os/as socorristas contratados/as gozarán dos días libres correspondentes segundo as necesidades do servizo.

##### **3 Requisitos dos/das aspirantes:**

Serán requisitos dos/das aspirantes:

1 Ter cumpridos os 16 anos de idade.

2 Ter a nacionalidade española, ser nacional da Unión Europea ou dun país con tratado internacional.

3 Estar en posesión do título de socorrista acuático ou de titulación equivalente ou que a englobe. Os/as aspirantes deberá acreditar este requisito mediante un documento oficial expedido polo organismo competente. Os/as aspirantes debrán estar en posesión da credencial que acredita a homologación da titulación, no caso de titulacións obtidas no estranxeiro.

4 Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas. Os/as aspirantes acreditarán esa circunstancia co certificado médico correspondente.

5 Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceder ao corpo ou á escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado/a ou inhabilitado/a. Non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público, no caso de ser nacional ou doutro estado.

6 O prazo para presentar as instancias será de 5 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da convocatoria nun xornal de máxima difusión da provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello. Os/as aspirantes deberán achegar coa solicitude os documentos xustificativos da titulación esixida e dos demais requisitos.

#### **4 Presentación de solicitudes**

Os/as aspirantes deberán solicitar tomar parte neste proceso selectivo mediante a instancia dirixida ao alcalde, segundo o modelo que aparece como anexo II nestas bases. Os/as solicitantes deberán facer constar na instancia que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 3 desta convocatoria.

Os/as aspirantes deberán presentar as solicitudes no rexistro xeral do concello (os días laborais de 9:00 a 14:00 horas) no prazo establecido no punto 6 da base 3. Tamén poderán presentar as instancias na forma que determina do artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante un telegrama ou un telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Necesariamente, xunto coa solicitude para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán achegar a fotocopia do DNI, a relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso. A documentación que presenten coas instancias deberá ser orixinal ou deberán ser fotocopias compulsadas. O tribunal non terá en conta nin avaliará os méritos que non estean acreditados na forma indicada.

O concello procederá do seguinte xeito, se as persoas interesadas non presentan solicitudes axeitadas aos requisitos para cubrir as catorce prazas convocadas:

1 Requirirá ao INEM para que lle remita unha listaxe de persoas que reúnan todos os requisitos sinalados na base 3, no prazo de dous días, contados a partir do seguinte ao de recibir o requirimento.

2 Abrir un novo prazo de cinco días naturais para presentar as instancias, para os efectos de que presenten a solicitude as persoas que non teñen o título de socorrista pero que cumpren os demais requisitos esixidos na convocatoria, se non hai solicitantes suficientes coa titulación esixida.

#### **5 Tribunal cualificador das probas:**

1 O tribunal cualificador designado polo alcalde estará integrado polos/as seguintes membros:

Presidente: a secretaria do concello ou o/a funcionario/a no/a que delegue

Secretaria (con voz e sen voto): a tradutora do concello ou o/a funcionario/a no/a que delegue

Vogais:

A animadora deportiva ou o/a funcionario/a no/a que delegue

A animadora cultural ou o/a funcionario/a no/a que delegue

A xefa da policía local ou o/a funcionario/a no/a que delegue

O técnico local de emprego ou o/a funcionario/a no/a que delegue

A composición do tribunal farase pública na mesma resolución do alcalde que aproba a listaxe de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

2 O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, será precisa a do/a presidente/a e a do/a secretario/a. O/a secretario/a redactará acta de todas as reunións que faga o tribunal.

3 Os/as membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaran á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4 O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan de aplicar estas bases e as demais que non estean previstas nelas.

5 O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. O tribunal establecerá unha orde para cubrir as vacantes que se puideran producir nesta campaña cos/coas solicitantes que non sexan seleccionados/as.

6 O alcalde, de conformidade coa a proposta do tribunal, resolverá a contratación.

### **6 Selección:**

O alcalde ditará a resolución na que aproba a listaxe provisional de admitidos/as e de excluído/as, indicando as causas da exclusión, logo de que remate o prazo para presentar as instancias. Esa resolución publicarase no taboleiro de anuncios do concello. Os/as aspirante terán o prazo de tres días naturais para reclamar. A listaxe provisional entenderase definitiva no caso de que non haxa excluídos. O alcalde designará na mesma resolución o tribunal cualificador e sinalará o lugar, o día e a hora na que o tribunal valorará os méritos, así como a data de inicio do proceso selectivo.

Os/as aspirantes deberán concurrir a todas as probas provistos/as do DNI.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamada única. O feito de non se presentar a calquera dos exercicios no momento de seren chamados/as supón a exclusión do/a aspirante do proceso selectivo.

Os/as aspirantes actuarán por orde alfabética segundo a primeira letra do seu apelido, comezando pola letra V, de conformidade co que dispón a Resolución do 29 de xaneiro de 2008, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 25, do 05.02.2008), no caso de probas que non puideran celebrar conxuntamente.

Malia o anterior, os/as aspirantes que por unha causa de forza maior non se puideran presentar no momento de seren chamados, poderanse examinar se así o considera o tribunal e se a proba correspondente non rematou ou se non lle entorpece o desenvolvemento da convocatoria aos/ás demais aspirantes e non lle afecta ao interese xeral.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

O proceso de selección será en dúas fases:

a) Fase de concurso:

Será previa á de oposición e non terá carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar os exercicios previstos para a fase da oposición. O tribunal avaliará os méritos alegados polos/as aspirantes no momento de presentar a súa instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

1 Titulación

- Por posuír lo título de técnico en primeiros auxilios: 0,5 puntos

Os/as aspirantes acreditarán este mérito coa copia compulsada do título correspondente ou con outro documento equivalente que permita avaliar os méritos e que expedira o organismo ou a entidade correspondente.

2 Experiencia profesional

- Por cada mes traballado en servizos de socorrismo de praias: 0,25 puntos ata un máximo de 3 puntos

Os/as aspirantes acreditarán os servizos prestados mediante un certificado de vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social ou unha certificación de servizos prestados emitida pola administración pública competente.

- Por manexar unha lancha zodiac: 1 punto

- Por servizos prestados na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (en diante AVPC) do Concello de Ponteceso: 0,10 puntos por mes ata un máximo de 1 punto

- Por servizos prestados noutra AVPC: 0,05 puntos por mes ata un máximo de 0,5 puntos  
Os/as aspirantes acreditarán os servizos prestados mediante certificacións do/a secretario/a ou do/a presidente da AVPC.

3 Demandante de emprego

- Por cada mes de antigüidade como demandante de emprego: 0,10 puntos por mes ata o máximo de 1,00 punto

En todo caso, a valoración desta fase do concurso non suporá, con relación ás probas selectivas, máis dun 40% da puntuación máxima alcanzable na fase da oposición.

b) Fase da oposición

Constará dos seguintes exercicios obrigatorios:

1º exercicio: probas físicas:

O tribunal cualificará cada un dos exercicios como apto/non apto. Será cualificado como apto o/a aspirante que acade un mínimo de 5 puntos.

Os/as aspirantes deberán realizar cada exercicio de conformidade co que dispón o regulamento da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, para ser considerados aptos. Ademais deberán realizar os exercicios nos seguintes tempo:

1) 200 m de natación con obstáculos nun tempo máximo de 3,50 minutos

2) 100 m combinada de salvamento con mergullo nun tempo máximo de 2,30 minutos

3) 50 m rescate de maniquí nun tempo máximo de 1,10 minutos

4) Correr unha distancia de 500 m en solo firme o na praia nun tempo máximo de 2 minutos

5) Natación en augas abertas, no mar. A proba consistirá en nadar a estilo libre dende un punto do areal que sinale o tribunal ata o lugar onde se atope a embarcación de salvamento. Chegados á embarcación, os/as aspirantes subirán a ela por un dos seus costados. Inmediatamente que estean a bordo, lanzaranse de novo á auga para voltar ao punto de saída.

O tribunal establecerá a distancia que deberán percorrer os/as aspirantes así como o tempo máximo para realizar esta proba segundo estea o estado do mar.

O tribunal poderá suspender esta proba se o estado do mar non fóra axeitado.

2º exercicio: proba escrita:

Consistirá en contestar, por escrito, a unha serie de 40 preguntas curtas ou tipo test sobre primeiros auxilios e salvamento e socorrismo acuático.

O tribunal avaliará este exercicio de 0 a 10 puntos (a razón de 0,25 puntos por resposta correcta). Os/as aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima de 7 puntos para superar esta proba. As respostas incorrectas non restarán puntos.

O tempo máximo para realizar esta proba é de 1 hora.

O tribunal poderá dispor a incorporación e a a colaboración de asesores especialistas para as probas, que se limitarán unicarmente a exercer as súas especialidades técnicas, con base nas cales colaborarán co órgano de selección.

### **7 Procedemento de selección:**

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do concello a relación de todos/as os/as aspirantes coa puntuación final, que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na fase do concurso e na fase da oposición. O tribunal elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta.

No caso de empate na puntuación final, o tribunal dará preferencia aos/ás candidatos/as que acadasen unha maior puntuación na fase de probas físicas. Se persiste o empate, decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

### **8 Presentación de documentos**

Cada unha/un das/dos aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría do concello, no prazo de tres días naturais, contados a partir da publicación do resultado de selección, os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3 desta convocatoria, no caso de que non os presentaran coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

O concello non poderá contratar os/as aspirantes que non presenten no prazo sinalado a súa documentación e que non acrediten que reúnen os requisitos esixidos. Nese caso quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que pudieran incurrir

os/as aspirante por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

### **9 Formalización dos contratos:**

Unha vez que os/as aspirantes seleccionados/as que propoña o tribunal presenten a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación contrataraos/as. Será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, contados desde a data de notificación do acordo de nomeamento.

Os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades, antes de asinar o contrato.

Os/as aspirantes seleccionados non terán dereito a ningunha percepción económica mentes non estean formalizados os respectivos contratos e mentres que non se incorporen ao posto de traballo.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e na forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedará sometida a un período de proba e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

### **10 Normas finais**

1 Para todo o que non está previsto nestas bases ou para o que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases do réxime local, na Lei de administración local de Galicia, no Real decreto 896/1991, no Real decreto 364/1995, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

2 Agás a convocatoria, que sairá publicada segundo o que establece a base 4, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven deste proceso selectivo sairán publicados, exclusivamente, no taboleiro de anuncios da casa do concello.

3 As persoas interesadas poderán impugnar todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como a actuación do tribunal, nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e nas normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións suspenderá a continuación do proceso selectivo, agás que así o decida o órgano que o convoca.

4 As persoas interesadas poderan interpor o recurso contencioso-administrativo contra estas bases e contra a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación na convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, as persoas interesadas poderán interpor o recurso de reposición no pazo de un mes, contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria. Neste caso, as persoas interesadas non poderán interpor o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou ata que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo isto sen prexuízo de as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro que considere procedente.

Ponteceso, 10 de xuño de 2008

O alcalde

José Luis Fondo Aguiar